

Consellos

para os coidados da viña



CANDO PLANTES CEPAS, procura un patrón axeitado á túa terra: nas terras soltas e secas de ladeira precisa plantas con patrón de raíz profunda; nas terras frescas de ribeira, a clase de patrón ten que ser de raíz máis superficial. Tamén é importante que a afinidade da caste de cepa a enxertar con patrón sexa boa. Antes de mercar os patróns ou cepas enxertadas, convén asesorarse nas Oficinas Agrarias Comarcais ou na Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia.



GALICIA, POLA SÚA CLIMATOLOXÍA, é un país endémico de enfermidades de fungos, especialmente "Mildeu". Os tratamentos de inverno contribúen a unha sanidade mellor das cepas. Tratamentos indicados son: ZZ CUPROCOL á caída da folla (outubro); e un segundo tratamento de ZZ CUPROCOL despois da poda (febreiro-marzo).



OS LABORES FONDOS DA VIÑA deben facerse sempre na plena parada invernal, sempre antes da movida do zume.



O RISCO DE XEADAS AUMENTA nas viña con herba. No mes de abril, en que hai risco de xeadas tardías, as cepas deben ter un solo limpo de herbas. Unha aplicación de REGLONE nese mes é moi recomendable. É posible facer a aplicación con TOUCHDOWN PREMIUM, tendo en conta non mollar nin pámpanos, nin gromos nin follas.



COMEZA A SULFATAR cando vexas que hai risco; non esperes a cando sulfate o veciño ou a que cho diga alguén de fóra da túa bisbarra; as viñas de cada terra e de cada caste teñen riscos distintos; a túa experiencia de anos anteriores é a que máis vale.



NON SACHES A VIÑA CANDO está próxima a "purga" ou "esfarna", pois un pequeno dano nas finas raíces da superficie pode ser motivo de caída de flor.





OS PRIMEIROS TRATAMENTOS ata inicio de floración con RIDOMIL GOLD COMBI PEPITE. E ata o grao de ervella é axeitado facelos con PERGADO ou QUADRIS MAX; este sulfato combate el só "Mildeu", "Oídio", ademais é dos indicados nos programas de "Loita Integrada".



SE O TEMPO TEN RISCO nunca esperes máis de 12 días dun tratamento a outro, e se chove procura un escampo para tratar, pois un tratamento nestes días pode ser a salvación da colleita.



DEPOIS DA UVA "GRAN DE ERVELLA" son axeitados os tratamentos con produtos equilibrados en Cobre. ZZ COBRE SÚPER PLUS está especialmente indicado nos viñedos de Galicia pola súa acción funxicida triple e polo seu contido en Magnesio, do que teñen carencia case que todos os nosos viñedos.



ÓS TRATAMENTOS CON ZZ COBRE SÚPER PLUS debe mesturárselle TOPAS, DYNALI ou THIOVIT JET para combater ó mesmo tempo "Mildeu" e "Oídio".



NON ESFOLLES A VIÑA MOI CEDO nin máis da conta: esfoliar moi cedo coas uvas medrando pode facer que o sol lles produza danos; quitarlle moitas follas adultas pode mermar a formación de azucres na uva.



NON VENDIMES UVA MOLLADA e quítalle o "Podre" se o ten.



O funxicida que vale por dous



RidomilGold[®]

MZ Pepite

A tecnoloxía que marca a diferenza



syngenta[®]

A combinación perfecta para
o tratamento antimildeu das patacas